

Pazo da Torre do Monte



Imaxe: Hispania Nostra

Descrición

O conxunto está formado por unha extensa finca con zonas de xardín e arboredo, a [Capela de San Miguel](#), a [Fonte do Capitán](#), [hórreo](#), pombal, a torre-pazo e o corpo coa vivenda do persoal do servizo.

Construído a finais do século XIV e comezos do XV, nel vivía don Fernando de Romay, Señor de Cuadrado, que estaba casado con dona Mencía Maldonado y Aldao. Planta rectangular coa antiga torre no ángulo suroeste, á que se acaroa un corpo baixo coas dependencias do persoal de servizo. Construído en cantaría de granito, concertadas, arrexuntadas e á vista. Espectacular cheminea. Fachada con escalinata imperial, con peitorís de balaústres e pilastras con pináculos no alto do patín. A torre ten dous vans cadrados por fachada e, na parte do xardín, porta con arco apuntado. Escudos dos Romay, Bendaña, Sotomaior, Moscoso e outros.

A cocíña pertence ao corpo das dependencias do servizo, aínda que ten carácter propio moi significativo, polo seu deseño e dimensións. Sobre a lareira, dúas grandes ménsulas de perfil curvilíneo, con volutas, sostendo a enorme campa de cantaría. A dependencia

conserva numerosos elementos dos séculos XVIII e XIX ben conservados: armarios de granito, vertedoiros...

O espazo exterior está formado por dúas zonas ben diferenciadas. O xardín esténdese por diante da fachada posterior e comprende macizos para especies de flor, con peche de mirto. O bosque esténdese entre o portalón da entrada á finca, con árbores de carácter frondoso, algúns deles centenarios, formando unha avenida totalmente cuberta polas copas.

[Rosalía de Castro](#) escribiu uns versos do seu libro *Las orillas del Sar* inspirados no Pazo da Torre do Monte, e nel gárdase o manuscrito orixinal de *Os dous de sempre*, de Castelao.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arquitectura civil
CRONOLOXÍA	Século XIV
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santiago de Padrón
REFERENCIAS	Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	42.743258173147 , -8.66315563016



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.